



RESERVA DE PRAZA NO IES 12 DE OUTUBRO

CHARLA VIRTUAL INFORMATIVA

Estimadas nais, pais e alumnado de 6º curso:

Segundo a ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 na que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, **do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro**, o alumnado de 6º curso que remata primaria no noso centro poderá facer a reserva de praza no instituto ao que estamos adscritos, o IES 12 de Outubro.

O impreso de solicitude pode cubrirse por vía telemática na páxina www.edu.xunta.gal/admisionalumnado no apartado "solicitudes" e logo imprimilo e entregalo no centro (deberá presentarse o código da solicitude e o DNI) ou presentarse a través da aplicación da *Sede Electrónica da Xunta de Galicia*, no caso de que teñades certificado dixital ou Chave 365.

O impreso cuberto podedes envialo de volta polo alumnado. De ser todo correcto, devolverémosvos unha copia con selo de entrada ou, no caso de ser necesario, chamaremosvos dende secretaría para concertar unha cita presencial.

**ESTA RESERVA DE PRAZA TEN CARÁCTER VINCULANTE
E SERÁ INCOMPATIBLE COA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN
NOUTRO CENTRO,**

salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (antes do 1 de marzo).

Para o alumnado interesado noutros Centros, abrírase o prazo de solicitude habitual do 1 ao 20 de marzo. A documentación, neste caso, será tramitada no instituto no que desexen solicitar praza.

Teremos unha **CHARLA INFORMATIVA VIRTUAL CO EQUIPO DIRECTIVO DO IES 12 DE OUTUBRO**, por videoconferencia webex, da que proximamente vos enviaremos a data e hora e os datos de conexión.

Para calquera aclaración, non dubidedes en contactar co centro.

Un cordial saúdo.

A Directora